

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:



concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

#### CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA

En Ponteceso, no salón de Plenos da Casa do Concello, sendo ás 12 h do día 17 de abril de de 2018, previa a súa convocatoria, constitúese a mesa de contratación co obxecto de proceder á valoración definitiva das propostas presentadas e admitidas ao procedemento, e a elevar, no seu caso, a proposta de adjudicación aprol da oferta considerada como economicamente máis vantaxosa no seu conxunto.

Preside o Sr. Alcalde titular D. Xosé Lois García Carballido. Asisten os vogais D. Emilio Caínzos Quintás, secretario accidental do Concello de Ponteceso; D<sup>a</sup>. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso; D. José Manuel Pose Verdes, concelleiro; D. Carlos Penedo Casmartiño, concelleiro; D. Jose Luis Pena Romay, concelleiro. Actúa como secretaria D<sup>a</sup>. Rosario Canosa Martínez, funcionaria do Concello de Ponteceso.

Na reunión celebrada o día 16-04-2018, a mesa acordou:

1º.-Admitir á oferta económica presentada por ATENDO CALIDADE, S.L., e polo tanto se proceda pola intervención á valoración definitiva das propostas presentadas polos licitadores admitidos ao procedemento de contratación.

2º.- Publicar a acta no Perfil do contratante, [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal), para xeral coñecemento.

3º.- Convocar á mesa de contratación a unha nova reunión a celebrar o día 17-04-2018, ás 10 horas, no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso.

Dáse conta do informe da intervención de data 16-04-2018, no que literalmente díse:

#### **“LUCIA MATA RODRÍGUEZ, INTERVENTORA NO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA) ASUNTO: INFORME RESUMO PUNTUACIÓNS RESULTANTES DE APLICAR OS CRITERIOS OBXECTIVOS**

##### **I) ANTECEDENTES**

- a. *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación por procedemento aberto, multiplicidade de criterios, e tramitación ordinaria da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Ponteceso.*
- b. *Acta da mesa de contratación de 13.03.2018*
- c. *Informe de intervención de 15.03.2018 relativo á valoración da proposición económica e criterios avaliáveis de forma automática/obxectiva.*
- d. *Acta da mesa de contratación de 16.03.2018.*
- e. *Requerimento, vía e-mail de 16.03.2018 ás 13:45, á empresa Atendo Calidade, SL ao considerar a súa oferta económica, no apartado de HORA BÁSICA NORMAL, como desproporcionada ou temeraria, para que presente a xustificación da súa oferta consonte ao establecido na cláusula 18 dos PCA e artigo 85.4 do RD 1098/2001, de 12 de outubro no prazo improporrible de 5 días naturais.*
- f. *Contestación por parte da empresa Atendo Calidade, SL ao requerimento efectuado ao abeiro do acordo da mesa de contratación de 16.03.2018*
- g. *Informe de intervención de 22.03.2018 .*
- h. *Acta da mesa de contratación de 03.04.2018*

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- i. Informe da Traballadora Social Cristina García Haz en relación á contestación ao requerimento, vía e-mail de 16.03.2018 ás 18:19, por parte da empresa Atendo Calidade, SL
  - j. Acta da mesa de contratación de 09.04.2018
  - k. Contestación por parte da empresa Atendo Calidade, SL ao requerimento efectuado ao abeiro do acordo da mesa de contratación de 09.04.2018
  - l. Acta da mesa de contratación de 16.04.2018
- II) LEXISLACIÓN APLICABLE**
- a. RDL 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público
  - b. Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- III) FEITOS**
- a. Acta da mesa de contratación de 16.04.2018

A mesa de contratación en sesión do 16.04.2018 acorda ..."admitir á oferta económica presentada por ATENDO CALIDADE, S.L., e polo tanto se proceda pola intervención á valoración definitiva das propostas presentadas polos licitadores admitidos ao procedemento de contratación..."

**b.- Puntuación na modalidade de SAF básico/libre concurrencia**

Procedo a valorar as ofertas presentadas na modalidade de libre concurrencia asignando, tal e como exige a cláusula 13.2a) das dos pregos coa precisión feita no apartado III.a. do informe de intervención de 15.03.2018, a máxima puntuación (20 puntos) ao prezo unitario (prezo/hora) que supoña a maior porcentaxe de baixa sobre o tipo máximo de licitación e valorando as restantes ofertas de xeito proporcional resultando a seguinte puntuación:

<b>NOME EMPRESA</b>	<b>HORA BÁSICA NORMAL SAF BÁSICO/LIBRE CONCURRENCIA OFERTADA</b>	<b>% BAIXA SOBRE TIPO LICITACION SAF BÁSICO/LIBRE CONCURRENCIA</b>	<b>PUNTOS OFERTA ECONÓMICA SAF BÁSICO/LIBRE CONCURRENCIA</b>
Servizos Sociais Ulla Sar S.L.	13,95	6%	5,10
Son a túa axuda S.L.	13,70	7,67%	6,52
Idade de Ouro, servizos sociosanitarios, S.L.	14,20	4,31%	3,66
Servital servicios sociosanitarios S.L.	14,50	2,29%	1,95
Atendo calidade S.L.	11,35	23,52%	20,00

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)**IV) CONCLUSIÓNS**

O resumo de puntuacións ao abeiro dos informes de intervención de 15.03.2018, 22.03.2018 e do presente é o que segue:

<b>NOME EMPRE SA</b>	<b>PUNTOS OFERTA ECONÓMICA SAF BÁSICO/LIBRE CONCURRENC IA</b>	<b>PUNTOS OFERTA ECONÓMICA SAF DEPENDENCI A</b>	<b>TOTAL PUNTOS apartado 12.2.2.a</b>	<b>TOTAL PUNTOS apartado 12.2.2.b</b>	<b>TOTAL PUNTOS apartado 12.2.2.c</b>	<b>TOTAL PUNTUACIÓN</b>
Servizos Sociais Ulla Sar S.L.	5,10	11,08	10	10	10	46,18
Son a túa axuda S.L.	6,52	20,00	10	10	10	56,52
Idade de Ouro, servizos sociosa nitarios, S.L.	3,66	9,18	10	10	10	42,84
Servital servicio s sociosa nitarios S.L.	1,95	4,29	10	10	10	36,24
Atendo calidade S.L.	20,00	17,79	10	10	10	<b>67,79</b>

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Ponteceso a 16 de abril de 2018. A interventora. Lucía Mata Rodríguez"

A mesa, á vista do informe emitido, acorda prestarlle a súa conformidade, e así resulta a seguinte clasificación das propostas segundo a puntuación obtida:

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H



REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Empresa	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	TOTAL
1. ATENDO CALIDADE, SL:	9,61	67,79	77,40
2. SON A TÚA AXUDA SL:	14,65	56,52	71,17
3. SERVIZOS SOCIAIS ULLA-SAR SL	8,08	46,18	54,26
4. SERVITAL, SERV. SOC. SL	14,75	36,24	50,99
5. IDADE DE OURO, SERV.SOC. SL	6,98	42,84	49,82

Polo que á mesa acorda:

1º.- Á vista das puntuación obtidas polas empresas admitidas ao procedemento de licitación considera a oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por ATENDO CALIDADE, SL., e eleva a proposta de adxudicación, consonte á oferta económica de 11,35 euros/hora básica normal, 13,60 euros/hora dependencia normal e 15,00 euros/hora dependencia festiva, e con suxeición ás condicións e meloras reflectidas na súa proposta. Cuantificar o prezo do contrato, segundo a súa proposta, na contía seguinte:

	Nº HORAS ANUAIS ESTIMADAS	PREZO OFERTADO SEN IVE(€)	TOTAL (€)
BÁSICA NORMAL	1.512	11,35	17.161,20
BÁSICA FESTIVA	-----	-----	
DEPENDENCIA NORMAL	8.880	13,60	120.768,00
DEPENDENCIA FESTIVA	3.876	15,00	58.140,00
<b>TOTAL ANUAL</b>			<b>196.069,20</b>

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN SEN IVE =  $196.069,20 + 196.069,20 + (0,20 * 196.069,20) = 431.352,24 \text{ €}$

2º.- Requerir a ATENDO CALIDADE SL a presentación no prazo máximo de dez días da documentación sinalada na cláusula 20 do PCA, no caso de estar xa presentada no sobre A, documentación administrativa, presentará una declaración na que conste que as circunstancias reflectidas na documentación administrativa presentada non variaron con respecto á data da súa presentación.

3º.- Presentar a fianza definitiva pola adxudicación do servizo polo importe do 5%, IVE excluído, do importe da adxudicación, establecido no punto 1º.

4º.- Publicar a acta no perfil do contratante, [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal), para xeral coñecemento e publicidade.

A presidencia remata a reunión ás 12.30 horas do día sinalado e redáctase a acta que asinan todos os membros da mesa.

Pola mesa de contratación